



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ANUNCIO**

**ACORDO SOBRE A XESTIÓN VECIÑAL DAS INFRAESTRUTURAS DA REDE DE SUMIDOIROS CONSTRUIDA POLA ELM DE BEMBRIVE**

Esta Entidade Local recibe nos últimos anos distintas peticións de persoas que desexan realizar a conexión das súas vivendas á rede xeral de sumidoiros para verquido de augas residuais domésticas en distintos lugares da parroquia aos que se dotou da infraestrutura necesaria (tubería, arquetas, pozos de bombeo, etc.) por parte da propia Entidade Local Menor mediante encargos da Alcaldía Pedanía a diferentes empresas privadas durante os anos 2012 a 2016 (ambos incluídos), como aos caminos do Toutizo, Castiñeiras, Suaxeira, Paio, Cemieiras, Regada, Xalón, Recaré, Peizás, Xestoso, entre outros.

Trátase dun servizo básico que deben prestar tódolos municipios, tal e como prevé o artigo 25 e 26 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, polo que debería ser o Concello de Vigo quen dotase deste servizo a toda a poboación.

Por elo, nos anos 2021 e 2022 solicitouse ao Concello de Vigo a cesión a este das referidas instalacións, para a posterior integración na rede de saneamento municipal, sendo necesario seguir un procedemento coa remisión de información actualizada da rede de saneamento, entregando diversa documentación. Parte desta non se atopa nesta Entidade, polo que non foi posible completar a operación pretendida.

A ELM de Bembrive non ten entre as súas competencias, atribuídas na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, nin existe convenio ou acordó algún co Concello polo que deba atender este servizo. Por outra banda, sufriu un grave deterioro da súa capacidade financeira, que non lle permite manter no tempo e de xeito adecuado estas infraestruturas.

Por elo, a Xunta Veciñal, na sesión ordinaria celebrada o 28.07.2022, adoptou por unanimidade o seguinte acordo:

**Ceder de xeito precario e indefinido o uso do sistema de bombeo da rede xeral de sumidoiros construído en Bembrive entre os anos 2012 e 2016, para a xestión do servizo en beneficio da veciñanza interesada, debendo facerse cargo esta dos gastos derivados do seu mantemento, conservación e reparación.**

Bembrive, 1 de agosto de 2022

O Alcalde Pedáneo,

Asdo.: Marcos Castro González

